

As persoas realizamos as tres funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.

A función de nutrición

A nutrición consiste en obter enerxía e materiais dos alimentos.

Os procesos da nutrición

A nutrición comeza cando comemos os alimentos. A continuación, no interior do corpo ocorre unha serie de procesos dos que non nos damos de conta:

- 1- **A dixestión:** Consiste en obter as substancias útiles que conteñen os alimentos.
- 2- **A respiración:** Serve para introducir osíxeno do aire no corpo. Este osíxeno é necesario para extraer a enerxía dos alimentos.
- 3- **A excreción:** É a expulsión das substancias de refugo que se producen no interior do corpo durante a nutrición.
- 4- **A circulación:** Consiste en repartir por todo o corpo o osíxeno e as substancias útiles dos alimentos e en retirar as substancias de refugo.

Os aparellos da nutrición

A nutrición comeza cando comemos os alimentos. A continuación, no interior do corpo ocorre unha serie de procesos dos que non nos damos de conta:

1. **Aparello dixestivo:** Nel ocorre a dixestión, a maior parte encóntrase no abdome.
2. **Aparello circulatorio:** Encárgase da circulación, repártese por todo o corpo.
3. **Aparello respiratorio:** Nel ocorre a respiración, a maior parte encóntrase no tórax.
4. **Aparello excretor:** Realiza a excreción, encóntrase no abdome.

A función de relación

A función de relación consiste en recibir información do que sucede arredor e responder de forma adecuada.

Os órganos da relación:

1. Para captar a información do exterior empregamos os órganos dos sentidos, como o ollo e o oído.
2. Para interpretar a información empregamos os órganos do sistema nervioso, como o cerebro.
3. Para realizar as respostas empregamos os ósos e os músculos que forman o aparello locomotor.

A función de reprodución

As persoas teñen reprodución sexual, é dicir, deben intervir dúas persoas de distinto sexo, unha muller e un home. Posto que participan o pai e a nai, os fillos herdan características dos dous e parécense a eles. Segundo o modo de reprodución, as persoas son vivíparas, pois os descendentes comezan a desenvolverse no interior do corpo da nai. Nas persoas, este proceso dura arredor de nove meses, ata que nace o meniño.

Os órganos da reprodución:

Os órganos que interveñen na reprodución agrúpanse no aparello reprodutor. Os aparellos reprodutores dos homes e das mulleres son diferentes, de modo que existen un aparello reprodutor masculino e un aparello reprodutor feminino.



MASCULINO: testículo FEMININO: ovario

Contesta as seguintes preguntas.

- 1- Cales son as tres función vitais?**
- 2- Enumera os procesos que interveñen na nutrición e indica os aparellos en que se realizan.**
- 3- En que consiste a función de relación?**
- 4- Segundo o modo de reprodución, as persoas son vivíparas ou ovíparas? Xustifica a túa resposta.**